

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a situación do pagamento das axudas públicas en materia de vivenda previstas no decreto 2066/2008, do 12 de decembro.

Unha das actuacións públicas que máis sufriu o furor antisocial dos recortes é a referida á rehabilitación de vivendas. O programa 451 A pasou de 54,5 millóns de euros no ano 2009 a apenas 15,3 millóns no orzamento do 2015, todo elo nun contexto onde a crise económica fíxose social, a nosa cidadanía perdeu poder adquisitivo, progresou o envellecemento da nosa poboación e onde a maioría do parque de vivendas construíronse con anterioridade as normativas máis esixentes en materia de accesibilidade e sustentabilidade e eficiencia enerxética.

O decreto 2066/2008, do 12 de decembro, regulamentou as axudas públicas concedidas en materia de vivenda como consecuencia da vixencia do plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-12, e que a Xunta adaptou co decreto 402/2009, do 22 de outubro. Ao abeiro dese marco legal, e segundo cónstalle a este grupo parlamentari, hoxendía restan sen aboar as subvencións a unha fracción de solicitantes logo de ter recibida a cualificación de definitiva.

Que haxa actuacións rehabilitadoras impulsadas por comunidades de propietarios que contaron coa cualificación definitiva da Xunta e que coas obras rematadas leven xa varios anos sen recibir as axudas e sen información algunha semella unha práctica intolerable. Nen transparencia, nen bo goberno, nen seguridade xurídica... apenas desinterese e falla de respecto pola cidadanía.

A concienciación da cidadanía respecto do valor das medidas rehabilitadoras vén acompañado do esforzo das familias por asumir o custo da parte desas actuacións. Semella intolerable que logo a Xunta non atenda ao cumprimento dos seus compromisos e non preste información algunha as familias afectadas.

Por resolución do 13 de outubro do 2014 do ministerio de fomento publicouse o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a execución do plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-16 (subscrito o 5 de setembro), que contempla financiamento por importe de 1.500.000 euros do financiamento estatal para o programa de fomento da rehabilitación edificatoria. Outrosí se contempla no orzamento da Xunta para 2015 unha partida de 8,6 millóns de euros para programas de rehabilitación inxeridos no plan 2013-16 e, en concreto, unha partida de 770.000 euros para axudas a comunidades de propietarios para reparación de edificios VPP.

Semella pois unha esixencia que a Xunta retome as políticas de rehabilitación no seu valor e con carácter de urxencia salde ás débedas que mantén coa cidadanía que asumiu actuacións rehabilitadoras nas súas vivendas e que quedaron sen aboar ao se esgotar o magro crédito orzamentario.

Xa que logo, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a dar publicidade á relación das actuacións rehabilitadoras que obtiveron a cualificación de definitiva polo IGVS dentro do plan Renove e o número de persoas afectadas polas devanditas actuacións que non recibiron a parte subvencionable por parte da Xunta de Galicia conforme as condicións marcadas no decreto 402/2009, do 22 de outubro para o período 2009-12.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a proceder con carácter de urxencia ao pagamento desas subvencións pendentes mediante un mecanismo especial que garanta a prioridade no seu abono.

En Compostela, 21 de xaneiro do 2015

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 21/01/2015 10:49:22